



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO
CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA VINTECATRO DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL
TRECE .

ASISTEN:

PRESIDENTE

D.Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. Amando Sande Agra

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira

D. José Ramón García Vázquez

D. Horario Rouco Ferro

D^a. Ángela Pérez Vázquez

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Pablo Casal Espido

Faltou con escusa o Concelleiro :

D. Antonio Blanco Estevo





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

Sendo as catorce horas do día vinte e catro de xaneiro do ano dous mil trece, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello o Pleno da Corporación en sesión ordinaria e en primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor D. Pablo Casal Espido, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE 15 DE NOVEMBRO, 19 DE DECEMBRO DE 2012 E 14 DE XANEIRO DE 2013.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten si teñen algunha alegación que facer ás actas das sesións de 15 de novembro, 19 de decembro de 2012 e 14 de xaneiro de 2013.

Non se formulan alegacións e as referidas actas foron aprobadas por unanimidade dos membros presentes que as interviren.

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 351/2012 ó 400/2012 e do número 1/2013 ó 15/2013, ambos incluídos.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com


PUNTO TERCEIRO. - MOCIÓNS, ASUNTO DE URXENCIA SOMETIDOS O AMPARO DOS ARTIGOS 83.1 E 91.4 DO R.O.F.- Neste punto da Orde do Día, D^a Angela Pérez Vázquez, Concelleira do Grupo Municipal Socialista, presenta para o seu debate e votación unha moción relativa ós servizos de radioterapia, hemodinámica e Medicina Nuclear no Hospital de Lugo.

D^a. Angela Pérez Vázquez da a coñecer o Pleno da Corporación o contido da Moción mediante a lectura íntegra da mesma que di:

"En 2009, o Presidente da Xunta de Galicia, acompañado da ex Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, desprazáronse a Lugo para inaugurar o Hospital Universitario Lucus Augusti (NULA). Naquela visita, os dous dirixentes anunciaban, ademais, unha das noticias máis agardadas por todos os lucenses, a implantación no primeiro semestre de 2011, no HULA, dos servizos de Radioterapia, Hemodinámica e Medicina Nuclear. Pasaron os meses, concretamente ano e medio, e o Lucus Augusti, lamentablemente, segue sen estas especialidades tan necesarias para a saúde dos cidadáns da provincia.

E iso que, no Pleno do día 2 de novembro de 2011, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha moción presentada polo Grupo Socialista na que se instaba ó Goberno a "adxudicar de forma inmediata, nun prazo non superior a 6 meses, o equipo de Hemodinámica cardíaca para proceder á apertura de dita unidade e a proceder de forma inmediata á dotación tecnolóxica dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear e poñer en marcha ditas Unidades".

Este incumprimento manifesto do Goberno autonómico provoca que a de Lugo sexa a única provincia galega que aínda non dispón destes servizos, algo que resulta claramente incomprensible, se se ten en conta que o HULA cumpre todas as características necesarias para albergar ditas especialidades e, no caso da área de Hemodinámica, tamén co persoal sanitario especializado. Concretamente, o servizo de Cardiología posúe dous cardiólogos coa Acreditación de Hemodinámica da





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
cancelopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Sociedade Española de Cardiología, pero, debido a que este servizo aínda non está implantado, estes facultativos vense na obriga de prestar a súa atención, en rotacións periódicas, nos hospitais de Santiago de Compostela e de Cabueñes (Xixón).

A falta destes servizos están causando graves prexuízos ós cidadáns da provincia e pon en grave perigo a súa saúde. No caso dos enfermos de cancro, unha media de 600 pacientes ó ano, teñen que desprazarse a Coruña ou a Santiago para recibir tratamentos de Radioterapia; o que, sen dúbida, aumenta as molestias da súa grave enfermidade e incluso provoca que moitos deles teñan que asumir gastos extraordinarios e depender de familiares ou veciños, como xa que, nalgúns casos, o tratamento subministrado supera os 30 días de duración.

No caso da falta de Hemodinámica, as consecuencias da súa inexistencia tamén son gravísimas para os doentes, xa que nestes casos a intervención rápida é determinante para a súa supervivencia. É dicir, canto maior sexa o traslado, maior será o risco de que perdan a vida.

Estudos científicos recentes poñen de manifesto que a mortalidade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos de Coruña, Vigo ou Santiago; lugares nos que sí existe persoal cualificado e os medios materiais para tratar esta patoloxía cardiovascular. A causa de que sexamos a provincia co maior índice de probabilidade de padecer esta enfermidade, débese a que, nestes casos, é preciso realizar unha angioplastia primaria nun tempo inferior a dúas horas dende que o enfermo entra en contacto co sistema sanitario. Tendo en conta que en Lugo hai que trasladar ó doente a Coruña ou a Santiago, este prazo aumenta ata as tres horas, provocando así que o tratamento xa non teña efecto.

Por este motivo, especialistas na materia como o Presidente da Sociedade Española de Cardiología, manifestan que, mentres todos os doentes das áreas de Coruña, Santiago e Vigo reciben unha angioplastia primaria, os de Lugo tan só o fan nun 43%. Por elo, resulta inaceptable que a Xunta de Galicia, responsable do Servizo Galego de





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)


Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

Saúde (SERGAS), siga permitindo que as persoas que sofren unha patoloxía coronaria aguda na provincia de Lugo, roáis de 1.000, teñan menos esperanza de vida que a que poden ter o resto dos galegos.

O HULA realizou en 2011 un total de 825 cateterismos, que se enviaron mediante transporte sanitario os hospitais de Coruña e Santiago. Se sumamos os solicitados polos centros sanitarios de Burela e Monforte, o número total supera os 1.000 cateterismos na provincia. Este volume de actividade xustifica perfectamente a apertura do servizo de Hemodinámica. Ademais, os especialistas consideran que nun prazo máximo de tan só dous anos, o custe da súa implantación -800 millóns de euros- estaría totalmente amortizado.

E é que o traslado dos doentes supón, ademais, un gran trastorno persoal para as familias, contabilizándose todos os anos unha porcentaxe non despreziable de problemas graves nos traslados de retorno, logo dos procedementos de revascularización coronaria ós que son sometidos. Nos casos que o traslado supere os 120 minutos, o índice de mortalidade ó ano é do 6,8%. É dicir, entre un 10 e un 20%, destes doentes perden a vida no traxecto por non poder recibir o tratamento sanitario na provincia.

Na actualidade existen en Galicia 5 Unidades de Hemodinámica en hospitais públicos do SERGAS. Localízanse en Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra. Sen embargo, a provincia de Lugo coa mesma poboación de referencia e dispersión poboacional que a de Ourense e cunha distancia de 94 quilómetros á sala de Hemodinámica máis próxima, aínda non dispón deste servizo debido ó incumprimento do Goberno autonómico. Ademais da de Lugo, só existen 7 provincias en España sen esta especialidade nos hospitais públicos. Son: Palencia, Zamora, Ávila, Soria, Cuenca, Teruel e Segovia.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Teif. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Polo que vai dito propoñemos ó polo Pleno do Excmo. Concello de Palas de Rei o seguinte:

MOCIÓN

O Concello de Palas de Rei esíxelle á Xunta de Galicia que dé explicacións dos continuos incumprimentos sobre a implantación destas especialidades, e insta ó Presidente do Goberno galego a licitar e adxudicar de inmediato os equipamentos necesarios de Radioterapia e Hemodinámica e Medicina Nuclear no HULA para que estes servizos, tan necesarios para a saúde dos lucenses, entren en funcionamento no menor tempo posible".

Remata a Sra. Pérez Vázquez a lectura da moción e intervén, con permiso da Presidencia, o portavoz do Grupo Municipal Popular, Sr. Pensado Barbeira, que lembra que o Partido Popular que ten a responsabilidade do goberno na Xunta de Galicia, xa se pronunciou sobre este tema e puntualiza que si a implantación dos servizos de hemodinámica custaran 800.000 millóns de euros, como acaba de expoñer a Sña. Pérez Vázquez, non se podería implantar en ningunha comunidade autónoma. Opina, o Sr. Pensado que é un servizo necesario, e canto mais pronto se instale en Lugo mellor, algo que xa corroborou o Presidente da Xunta ó anunciar que este servizo instalarase en Lugo nun prazo inferior ós seis meses, a pesares, da situación económica que está dificultando a apertura destes servizos, polo tanto o seu grupo non vai apoiar algo que xa é entendible: que nun prazo de seis meses a hemodinámica estea instalada en Lugo. Apunta que neste momento Galicia ten un centro punteiro en hemodinámica e medicina nuclear, e cando gobernaba en Galicia o bipartito, o partido socialista rexeitou unha moción do partido popular neste sentido porque dicía non había cartos.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Sr. Pensado Barbeira presenta una emenda "in voce" á proposta de acordo da moción no sentido de apoiar a esixencia á Xunta de Galicia para que licite o subministro dos equipamentos necesarios para a instalación da hemodinámica para que entre en funcionamento no prazo de seis meses e durante as vinte e catro horas.


Intervén a continuación o Portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rouco Ferro, quen non confía en que a Xunta cumpra co prazo de seis meses porque xa se incumpriron moitas promesas. Refírese, a continuación, a determinadas promesas sobre a instalación destes servizos en Lugo, feitas por representantes do Partido Popular no Parlamento de Galicia e recollidas nos últimos anos por distintos medios de comunicación, e conclúe a súa intervención manifestando que non ten intención de variar a proposta de acordo da moción, o que o Sr. Pensado responde que entón o seus grupo non pode apoiar a moción.

Finalmente intervén o Sr. Alcalde que considera que o Sr. Presidente da Xunta de Galicia é un home de palabra, polo que non cree necesario apoiar a moción.

Non hai mais intervencións, e sometida a votación a proposta de acordo recollida na Moción presentada por D^a. Angela Pérez Vázquez, foi rexeitada por seis votos en contra que corresponden ós Concelleiros do grupo Municipal Popular Srs: García Vázquez, Lodeiro Castiñeira, Sande Agra, Pensado Barbeira, Vila Agra e Taboada Camoira, e catro votos a favor da proposta de acordo que corresponden ós Concelleiros do Grupo Municipal Socialista Srs.: Prieto Vázquez, Vázquez Paredes, Pérez Vázquez e Rouco Ferro.

PUNTO CUARTO ROGOS E PREGUNTAS.

a).- Rogos: Neste apartado o Sr. Pensado Barbeira, presenta o seguinte rogo: A ponte das Seixas no Camiño Primitivo, debido ó ultimo temporal, quedou intransitable polo que urxe dirixirse á Consellería de Cultura para que de forma inmediata proceda á súa reparación ou permita que sexa reparada polo propio Concello.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

b).-Preguntas. Neste apartado, en primeiro lugar, o Sr. Alcalde resposta a unha pregunta formulada polo o Sr. Rouco Ferro no último pleno ordinario que dicía ¿Cántas altas e baixas se produciron no Padrón de Habitantes no ano 2011, en que meses e en que núcleos de poboación? o Sr. Alcalde resposta:

No mes de xaneiro houbo un total de 31 rexistros : 21 altas, 1 baixa e 9 modificacións. No mes de febreiro 16 rexistros: 6 altas e 10 modificacións. No mes de marzo:26 rexistros: 19 altas e 7 modificacións. No mes de abril 5 rexistros: 1 alta, 1 baixa e 3 modificacións. No mes de maio 26 rexistros:13 altas, 1 baixa e 12 modificacións. No mes de xuño 29 rexistros: 10 altas, 3 baixas e 16 modificacións. No mes de xullo 20 rexistros: 11 altas, 4 baixas e 5 modificacións. No mes de agosto 20 rexistros: 9 altas, 6 baixas, e 5 modificacións. No mes de setembro 73 rexistros: 16 altas, 47 baixas e 10 modificacións. No mes de outubro 16 rexistros: 8 altas, 1 baixa e 7 modificacións. No mes de novembro 19 rexistros: 5 altas, 3 baixas e 11 modificacións. No mes de decembro 19 rexistros: 6 altas, 6 baixas e 7 modificacións.

O Sr. Rouco incide en que faltan os datos por núcleo de poboación e o Sr. Alcalde matiza que, neste momento, resulta imposible facilitar datos por núcleo de poboación pero intentarao de novo no vindeiro pleno.

En relación co resto das preguntas formuladas no anterior pleno na súa maior parte referidas a contabilidade, o Sr. Alcalde manifesta que serán contestadas tan pronto como a persoa encargada da contabilidade e recentemente incorporada ó traballo, logo dunha baixa médica, recompila os datos necesarios para poder contestarlle no vindeiro pleno.

Finalmente o Sr. Rouco Ferro formula as seguintes preguntas:

O artigo 171 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais establece que os expedientes ou documentos orixinais só poderán saír das oficinas por algunha destas causas:





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

- a) Que soliciten, mediante escrito, o seu desglose quenes o houberan presentado, unha vez surtiran os efectos conseguintes.
- b) Que teña que enviarse a un Organismo público en cumprimento de trámites regulamentarios ou para que recaia resolución definitiva, e
- c) Que sexan reclamados polos Tribunais de Xustiza

De todo documento orixinal que se remita deixará fotocopia ou copia autorizada no arquivo.

Do exposto, enténdese que o expediente sexa orixinal ou copia autorizada non pode faltar do órgano administrativo.

- ¿Cál é o motivo que lexitima que o expediente do obradoiro de emprego teña saído do Concello?
- ¿Non incumpre a lexislación vixente o feito de que o expediente, como confirma o Sr. Alcalde no seu escrito (registro de saída 1.209 de 27/12/12) teña saído do Concello, e non quede cando menos unha copia do mesmo?

Segundo o artigo 10 da Orde de 27 de xullo de 2012 que regula as bases das axudas dos obradoiros de emprego na convocatoria de 2012, o grupo de traballo ó que se refire o Alcalde será mixto formado por representantes da Consellería e do Concello promotor e a súa función será a de selección do alumnado traballador, persoal directivo, docente e de apoio

- ¿Quén nomeou e quenes son os membros do grupo de traballo representantes do Concello promotor?

A resolución de nomeamento, a solicitude de subvención, acordos cos outros concellos para a solicitude e outros documentos que formarían parte do expediente ¿é lexítimo e necesario que todo o expediente o teña o grupo de traballo sin que teña copia o concello cando a súa labor é unicamente de selección?





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

Se o expediente do obradoiro de emprego, como afirma o Alcalde, o ten , o grupo de traballo e o mesmo non está no Concello ¿onde realiza as súas funcións de selección dito grupo de traballo?

¿Non estará obstaculizando o Sr. Alcalde, o dereito de información dos concelleiros da oposición para a súa función de control da labor de goberno?.

Logo de escoitar as preguntas o Sr. Alcalde manifesta que contestará no vindeiro pleno.

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e trinta cinco minutos , de todo o que eu, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE

O SECRETARIO